

NORMATIVA DO TRABALLO DE FIN DE GRAO DO GRAO EN ENFERMARÍA/TRABALLO DE FIN DE MÁSTER DO MÁSTER EN ATENCIÓN SANITARIA, XESTIÓN E COIDADOS

Limiar

A Facultade de Enfermaría, segundo establece o punto 1.2. da "Normativa de matrícula, elaboración e defensa dos Traballos fin de grao e fin de master na Universidade de Santiago de Compostela", aprobada polo Consello de Goberno de 2 de maio de 2013, desenvolverá a normativa que o regule e será aprobada pola Xunta de Facultade e polo Consello de Goberno, previo informe da Asesoría Xurídica.

Capítulo I. Obxecto, natureza, requisitos e convocatorias do Traballo Fin de Grao (TFG / Traballo de Fin de Máster (TFM) Artigo 1. Necesidade do TFG/TFM

Nos planos de estudos do Grao en Enfermaría/Máster en Atención Sanitaria, Xestión e Coidados da USC¹ esíxese a realización dun TFG/TFM, que ten asignados 6 créditos ECTS obrigatorios, para a obtención do Grao en Enfermaría/ 7 créditos ECTS obrigatorios para a obtención do Máster en Atención Sanitaria, Xestión e Coidados.

Artigo 2.-Obxecto

Integrar as competencias básicas, comúns e específicas incluídas na memoria do Grao de Enfermaría/Máster en Atención Sanitaria, Xestión e Coidados.

Artigo 3. Natureza

3.1.Consiste na elaboración, por parte do alumnado, dun traballo orixinal no que se acrediten os coñecementos e destrezas adquiridas durante os estudos realizados no Grao de Enfermaría/ Máster en Atención Sanitaria, Xestión e Coidados. Incluirá, como mínimo, tarefas de busca e revisión bibliográfica, lectura e integración de información, elaboración de información relevante, redacción e presentación e defensa.

3.2. O TFG/TFM estará orientado á aplicación das competencias básicas, comúns e específicas do Grao de Enfermaría/ Máster en Atención Sanitaria, Xestión e Coidados, a capacitar para a procura, xestión, organización e interpretación de datos relevantes, nas áreas de coñecemento contempladas na titulación, para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica, tecnolóxica ou ética, e que facilite o desenvolvemento dun pensamento e xuízo crítico, lóxico e creativo.


Artigo 4. Tipoloxía do traballo

4.1. O TFG/TFM poderá adoptar algunha das seguintes modalidades: proxecto ou estudo orixinal.

4.2..A realización do TFG/TFM poderase facer de forma individual ou en grupo. Neste último caso o máximo de membros será de 3.

¹ BOE 5 marzo de 2010. Dispoñible en: <http://www.boe.es/boe/dias/2010/03/05/pdfs/BOE-A-2010-3675.pdf>

4.3. Para garantir tanto a coordinación e delimitación de tarefas entre os distintos membros do grupo como a perfecta avaliación da participación de cada estudante a distribución de tarefas será a seguinte:



A distribución de tarefas farase constar na presentación/defensa do TFG/TFM.

Artigo 5. Requisitos para á realización e defensa do TFG/TFM

5.1. Poderán realizar o TFG/TFM aqueles estudantes que teñan realizado a matrícula na materia nos prazos que estableza a Universidade. Para poder formalizar a matrícula do TFG o alumnado poderá ter pendentes como máximo 75 créditos para completar os estudos, excluídos os correspondentes ao TFG.

5.2. Os TFG/TFM só poderán ser defendidos e avaliados unha vez que se teña constancia de que o/a estudante superou todos os créditos necesarios para a obtención do título de Grao/Máster, salvo os correspondentes aos propios traballos. Requisitos que serán verificados polo Centro, para autorizar a súa presentación. Para estes efectos, no caso de que na data de presentación e defensa aínda non se recibiran todas as actas de exame das materias, o secretario/a do Centro solicitará do profesorado encargado das materias que informe sobre as cualificacións do alumnado que vaia presentar os traballos na mesma convocatoria. Estes informes teranse en conta no momento de cualificación dos Traballos.

Artigo 6.-Convocatorias

6.1 A matrícula dará dereito á presentación do traballo en dúas oportunidades en calquera das convocatorias oficiais do curso no que estea matriculado e reportará os prezos públicos establecidos, e sempre que cumpra os requisitos para a súa avaliación.

6.2. O número máximo de convocatorias que poderá consumir o alumnado será de catro para o TFG e de dúas para os TFM, e poderá contar con dúas oportunidades por curso académico. No caso de obter *non presentado* en todas as oportunidades, considerase consumida a convocatoria. No caso de que o alumno ou alumna non concorra a ningunha das oportunidades da convocatoria para a presentación do traballo no curso no que estea matriculado ou non obteña avaliación positiva, deberá formalizar nova matrícula e aboar os prezos correspondentes aos créditos nos cursos académicos seguintes. Para poder realizar unha nova convocatoria será necesaria a formalización de nova matrícula.

Capítulo II.-Órganos da Facultade de Enfermaría encargados da xestión dos Traballos

Artigo 7. A Comisión Académica de Grao/Comisión Académico do Máster, será a comisión encargada de atender ás cuestións propias do desenvolvemento da materia "Traballo Fin de Grado"/"Traballo de Fin de Máster" e deberá de asignar un coordinador ou coordinadora da mesma. Entre as súas competencias estarán as seguintes:

- Proponer anualmente a guía docente na que se determinen as diferentes formas de desenvolvemento, exposición e criterios de avaliación para o curso académico de que se trate;
- Establecer a convocatoria anual
- Determinar os sistemas de titorización
- Aprobar a proposta das liñas temáticas, dos temas e a súa asignación
- Instrumentar e publicar un procedemento para a asignación dos titores/as e os temas que poderán desenvolverse na elaboración do Traballo
- Decidir sobre a modificación de temas e/ou titor ou titora asignado
- Fixar as características dos traballos (extensión, formato, contido mínimo,...) sempre que non estean fixadas pola normativa a que fai referencia o artigo 1.2 do Regulamento Normativa de matrícula, elaboración e defensa dos Traballos fin de grao e fin de master na Universidade de Santiago de Compostela"
- Aprobar os tribunais de avaliación
- Autorizar a presentación dos traballos en casos excepcionais
- Establecer as datas de presentación dos Traballos
- Resolver as incidencias graves relativas a esta materia
- Proponer a publicación dos TFG/TFM que destaquen pola súa calidade, e en especial propoñerose os dos alumnos que acaden a mención de matrícula de honra nesta materia
- Calquera outra que a Xunta de Centro lle encomende

Artigo. 8. A Xunta de A Xunta da Facultade de Enfermaría/Comisión Académica do Máster aprobará a guía docente e os períodos de presentación dos TFG, que se publicarán xunto coa convocatoria oficial de exames de cada curso académico.

Capítulo III. Titorización dos Traballos

Artigo 9. Titor/cotitor do TFG/TFM.

O titor ou titora será ordinariamente Persoal Docente e Investigador (PDI) das áreas que impartan docencia no Grao de Enfermaría/Máster en Atención Sanitaria, Xestión e Cuidados.

Non obstante o anterior poderanse establecer outros requisitos para ser titores ampliando ou restrinxindo por razóns académicas o sinalado no parágrafo anterior.

Artigo 10. Cotitor.

No nomeamento do cotitor, excepcionalmente, tamén poderán ser cotitores profesores da USC que se atopen na situación de servizos especiais, comisión de servizos, eméritos ou ad honorem e profesores doutras universidades ou persoal con vinculación permanente a Organismos Públicos de Investigación (OPI) e profesionais especializados. Non poderán ser cotitores persoal de administración e servizos, agás nos supostos de consideración como profesionais, nin o persoal contratado con cargo ao capítulo VI 5 da normativa da USC. A Comisión Académica de Grao/Comisión Académica do Máster poderá designar un cotitor ou dous, excepcionalmente e por razóns xustificadas. Esta circunstancia deberá ser comunicada á Vicerreitoría con competencias na materia indicando a dedicación do titor e cotitor.

Artigo 11. Titorización no caso de intercambios.

No caso de TFG desenvolto no marco de convenios con empresas ou institucións, ou de intercambio de estudantes, poderá designarse un cotitor que poderá ser persoal da Facultade de Enfermaría .

Artigo 10. Tarefas do Titor do TFG/TFM.

O/A titor/a programará sesións de traballo cos estudantes, nas que establecerá a programación das tarefas a realizar e orientará o traballo. Será responsable de expor a cada estudante as características do

traballo, de orientalo no seu desenvolvemento e de velar polo cumprimento dos obxectivos fixados, así como de realizar o seguimento e emitir informe preceptivo e confidencial sobre este seguimento antes da defensa do traballo e para os efectos de que se teña en conta polo Tribunal avaliador

Capítulo IV. Propostas e asignación

Artigo 12. Propostas de temas e titores/as

A Facultade de Enfermaría e os Departamentos implicados na docencia do Grao en Enfermaría garantirán a dispoñibilidade e asignación de titores dos TFG/TFM. A tal fin a Comisión Académica de Grao/Comisión Académica do Máster solicitará aos Departamentos o número de propostas de titores para os TFG/TFM segundo os criterios establecidos en Xunta de Facultade. Unha vez recibidas estas propostas, a Comisión asignará un/unha Titor/a do TFG a cada un dos/as alumnos/as matriculados mediante asignación directa ou aleatoria antes do comezo do segundo cuatrimestre ou no primeiro, no caso de presentación na oportunidade de febreiro. Nos TFM a asignación será por nota media de expediente de acceso ao máster.

Artigo 13. Asignación de titores/as

Poderá ser directa ou aleatoria para os TFG e por nota media de expediente de acceso ao máster para os TFM.

Artigo 14 Asignación aleatoria de titores/as para TFG por orde de prioridade para os TFM

Son asignados pola Comisión Académica de Grao de entre os recollidos nunha relación elaborada ao efecto a partires de propostas de titores/as realizadas polos Departamentos para os TFG. Son elixidos por orde de prioridade de expediente académico para os TFM.

Artigo 15. Asignación directa para os TFG

A asignación directa farase:

- ✓ Como resultado da proposta conxunta dun estudante que estea matriculado no TFG e un membro do PDI que se axuste ao recollido no capítulo III. Dita proposta formularanse mediante solicitude (ANEXO I) entregada na Secretaría Administrativa da Facultade de Enfermaría ao inicio do primeiro semestre ou antes do comezo do segundo semestre, segundo a convocatoria prevista de defensa.
- ✓ TFG desenvoltos no marco de convenios de intercambio de estudantes (ERASMUS, SICUE,...); sendo titor un profesor da Universidade de acollida e cotitor un profesor/a da Facultade de Enfermaría que se axuste ao recollido no capítulo III.

Artigo 16. Modificación ou anulación da asignación

De modo excepcional, o alumnado ou titor poderán solicitar a modificación ou anulación da asignación do TFG/TFM mediante escrito razoado remitido á Comisión e presentado no Decanato da Facultade. A Comisión analizará o caso e, se procede, realizará unha nova asignación.

Capítulo IV. Presentación e defensa pública do TFG/TFM

Artigo 17. Solicitude de defensa

Os traballos deberán presentarse nos períodos fixados polo calendario académico anual previa solicitude en formato electrónico na Secretaría da Facultade de Enfermaría mediante instancia (ANEXO II, dispoñible na web da Facultade), polo menos 1 mes antes do período de defensa. En circunstancias excepcionais, poderá solicitarse a Secretaría Xeral outros períodos de presentación dos traballos.

Artigo 18. Prazo de presentación

A Xunta de Facultade/Comisión Académica do Máster aprobará as datas de presentación dos TFG/TFM e as datas de revisión das cualificacións de cada curso académico, nos períodos que establece ao efecto a Universidade. Daráselle difusión das datas no taboleiro e na web da Facultade de Enfermaría.

Artigo 19. Entrega de documentación

19.1. O alumno/a fará entrega na Secretaría da Facultade de Enfermaría dunha memoria asinada en formato electrónico polo menos 15 días naturais antes do período de defensa.

19.2 A memoria deberá de ter unha extensión máxima de 20 páxinas, tamaño DIN A4, interliñado a espazo e medio, e terá como mínimo os seguintes apartados: declaración expresa asinada de autoría do traballo, índice, resumo dun máximo de 300 palabras, antecedentes/introdución, xustificación e obxectivos, hipótese se procede, material e métodos, viabilidade e resultados esperados (modalidade proxecto), resultados e discusión, conclusións (traballo orixinal) e bibliografía.

19.3.No mesmo prazo o/a titor/a do traballo entregará o informe preceptivo e confidencial sobre o seguimento do traballo e para os efectos de que se teña en conta polo Tribunal avaliador.

Artigo 20. Presentación e defensa

20.1.Os TFG/TFM esixirán sempre de presentación e defensa pública, de xeito presencial ou excepcionalmente por medios telemáticos coas garantías que se establezan na autorización. As modalidades de presentación e defensa ante do tribunal poderán ser exposición oral, formato congreso como exposición de pósteres ou comunicación.

20.2.A realización, así como a presentación e defensa poderase efectuar en calquera dos idiomas que se utilizaron na impartición do grao de Enfermería/Máster en Atención Sanitaria, Xestión e Coidados conforme ao disposto na memoria de verificación do título, sempre que se poidan establecer tribunais competentes nas devanditas linguas. En todo caso, garantirase o dereito a elaborar e defender os traballos en calquera dos dous idiomas oficiais da Comunidade Autónoma.

20.3. O tempo máximo do que estudante disporá para a súa exposición ou defensa será o indicado no seguinte cadro:

Modalidade		Presentación	Discusión
Individual		10 minutos	10 minutos
Grupo	2 alumnos/as	15 minutos	10 minutos
	3 alumnos/as	20 minutos	

Capítulo V. Avaliación dos Traballos

Artigo 21. Tribunal de avaliación

21.1.Os tribunais encargados de avaliar os TFG/TFM estarán compostos por tres profesores que impartan docencia no Grao de Enfermería/ Máster en Atención Sanitaria, Xestión e Coidados e, polo menos, un suplente que substituirá ao membro ausente. Os titores dos traballos avaliados non poderán formar parte dos Tribunais. A participación nos tribunais é obrigatoria para as persoas nomeadas, agás causa de forza maior debidamente acreditada. Procurarase que os membros dos tribunais pertencen a departamentos diferentes con docencia no Grao en Enfermería/ Máster en Atención Sanitaria, Xestión e Coidados.

21.2. En cada Tribunal haberá un/unha Presidente/a e un/unha Secretario/a. Utilizarase o criterio de categoría docente e antigüidade para nomear o Presidente/a que será o de maior categoría e máis antigo e a Secretaria/o, será o de menor categoría e máis novo. O/a Presidente/a e Secretario/a exercerán como tales en todas as actuacións.

21.3. O Tribunal poderá invitar ás deliberacións ao titor/a do traballo e ao cotitor/a, así como a profesores/as especializados/as na materia que se estea a avaliar, en calidade de asesores, con voz pero sen voto.

Artigo 22. Avaliación, cualificación e revisión

22.1. Criterios de avaliación

Os tribunais de avaliación cualificarán os traballos de acordo ós seguintes criterios:

Valoración da Memoria	50%
Defensa pública	30%
Informe razoado do/s Titor/es	20% (Anexo III)

22.2. Cualificacións

A cualificación farase pública nos taboleiros de anuncios do decanato, nun prazo non superior a sete días dende a súa defensa.

Os TFG/TFM deberán ser cualificados conforme a seguinte escala numérica e cualitativa

- ✓ Non Presentado (NP)
- ✓ 0 - 4,9: Suspenso (SS).
- ✓ 5,0 - 6,9: Aprobado (AP).
- ✓ 7,0 - 8,9: Notable (NT).
- ✓ 9,0 - 10: Sobresaliente (SB)

A mención de "Matrícula de Honra" poderá ser outorgada a estudantes que obteñan unha cualificación igual ou superior a 9,0. O seu número non poderá exceder do 5% do alumnado matriculado nesa materia no correspondente curso académico. Se o número de alumnos é inferior a 20, poderase outorgar unha matrícula de honra. Esta mención só poderá outorgarse unha vez rematadas as defensas de todos os traballos correspondentes ao curso académico.

A Comisión Académica de Grao/Comisión Académica do Máster en Atención Sanitaria, Xestión e Coidados, outorgará as matriculas de honra oídas as propostas dos diferentes tribunais actuantes.

Os tribunais remitirán á Comisión Académica de Grao/Comisión Académica do Máster as propostas citadas una vez rematadas as defensas en cada una das convocatorias existentes.

Artigo 22.3. Revisións

O alumnado ten dereito á revisión das cualificacións nas datas e horarios que para tal efecto deberán fixarse no momento de facer públicos os resultados provisorios. As datas de revisión deberán estar comprendidas dentro dos dez días seguintes á publicación dos resultados e contemplarán como mínimo dúas datas opcionais. A estes efectos o mes de agosto será inhábil e non computará neste prazo.

A revisión será persoal e poderá realizala un ou varios membros do Tribunal. En todo caso deberá quedar constancia da celebración da revisión e da data en que se realizou mediante calquera sistema que acredite a súa realización.

O procedemento de reclamación contra a cualificación será o establecido na normativa vixente relativa a avaliación do rendemento académico dos estudantes e de revisión de cualificacións.

ANEXO I

MODELO DE PROPOSTA DE TFG/TFM (*proposta do/a
alumno/a*)

DATOS ALUMNOS/AS	
Nome e Apelidos	
Correo-e	
Nome e Apelidos	
Correo-e	
Nome e Apelidos	
Correo-e	

DATOS DA PROPOSTA DE TFG/TFM	
Titor:	
Correo-e	
Departamento	
Co-titor (si é o caso)	
Correo-e	
Tema:	
Departamento	

En Santiago de Compostela a , de , de 201

Asdo.: Os/as alumnos/as

Asdo.: Titor/a&Co-titor/a

ANEXO II

SOLICITUDE DE DEFENSA DO TRABALLO DE FIN DE GRAO DO GRAO EN ENFERMARÍA/ TRABALLO DE FIN DE MÁSTER DO MÁSTER EN ATENCIÓN SANITARIA, XESTIÓN E COIDADOS

DATOS ALUMNOS/AS	
Nome e Apelidos	
Correo-e	
Nome e Apelidos	
Correo-e	
Nome e Apelidos	
Correo-e	

DATOS DO TFG/TFM	
Título (castelán)	
Título (galego)	
Título (inglés)	
Titor/a:	Cotitor/a (si é o caso)
Correo-e	Correo-e
Departamento	Departamento
Área de coñecemento	Área de coñecemento

Santiago, de de 20__

O/A alumno/a Asdo: O/A alumno/a Asdo: O/A alumno/a Asdo:

A ATENCIÓN DA COMISIÓN ACADÉMICA DE GRAO DE ENFERMARÍA/COMISIÓN ACADÉMICA DO MÁSTER EN ATENCIÓN SANITARIA, XESTIÓN E COIDADOS

ANEXO III
INFORME DO TITOR/A

DATOS ALUMNO/A

DATOS ALUMNO/A	
Alumno/a	Informe
Nome e Apelidos	
Nome e Apelidos	
Nome e Apelidos	

Santiago, de de 20__

O/a titor/a

O/a cotitor/a

A ATENCIÓN DO TRIBUNAL DE AVALIACIÓN